

# Bloque

## A Estrada

Número 22. Epoca 1ª / Decembro 2009

“Esta actuación vai supor unha importante mellora na contorna do Pazo de Oca”

Impreso postal sen enderezo

## O BNG da Estrada abre os xardíns do Pazo de Oca a todos os veciños e veciñas



A tenente de alcalde e concelleira de Medio Rural e Turismo, Raquel López Doce, reuniuse en Oca no mes de novembro, co duque de Segorbe e presidente da Fundación Ducal Casa de Medinaceli, Ignacio de Medina y Fernández de Córdoba, co arquitecto e membro do Padroado da Fundación, Rafael

Manzano Martos, e mais co director xeral da Fundación, Juan Manuel Albedea Solís, co obxecto de concretar sobre o terreo algunha das actuacións previstas no “Proxecto de Mellora de accesos e contorna do Pazo de Oca” presentado polo Concello da Estrada á convocatoria de financiamento realizada pola Deputación Provincial a través do Plan de Inversións 2009-2011.

Mediante este acordo, a Fundación Ducal Casa de Medinaceli pon a disposición do Concello os terreos afectados pola actuación, o que supón a constitución dunha servidume de paso indefinida nun anaco de vial propiedade do Pazo e a exención da taxa pola visita aos xardíns para todos os veciños do municipio, entre as cuestións máis salientábeis que recollerá o convenio,

cuxa sinatura se prevé para o mes de xullo do vindeiro ano, unha vez que o Padroado da Fundación Ducal lle dea a súa aprobación definitiva.

Esta actuación, ademais da mellora nos accesos ao lugar da Praza, vai supor unha importante mellora na contorna do Pazo de Oca, o pazo máis interesante e mellor conservado de Galicia, declarado Ben de Interese Cultural e referencia pola que A Estrada é coñecida a nivel internacional.

O BNG cumpre unha vez máis co contrato que ten con todos os veciños e veciñas da Estrada, reflectido no seu programa electoral co que concorreu ás eleccións municipais, recuperando os bens de interese histórico e cultural para uso público.



[www.bng-galiza.org](http://www.bng-galiza.org)  
Edita: BNG A Estrada

## Recuperación de espazos públicos para os veciños e veciñas da Estrada

A Concellaría de Medio Rural executa, desde o mes de setembro, o proxecto Auga de Vida, que conta cun orzamento de 91.000 euros que permitirá acondicionar as fontes e lavadoiros de Vilacriste (Cora) e Barco (Couso), de Negreira e Quintas (Barcala), Chaín (Frades), Sar de Arriba (Santeles), Leicures e Vilar (A Estrada), San Antón (O Foxo), Pousada (Curantes), Currelo (Orazo, Loimil e Remesar. Adecuaranse ademais as de Viso (Lagartóns), Arcapedriña (Arca), Souto e Enviande (Souto) e os de San Xurxo-Augasantas, Lavadoiro de abaixo, Quintas e A Grella (Codeseda). Melloraránse, tamén, a Fonte do cura (Ribela), as de Adoufe, San Miguel e Carballiños (Castro), Pleito (Moreira), A Burga (Calobre), Castro Ramiro (A Somoza) e Patio (Oca).

Así mesmo, a Concellaría de Medio Rural e Turismo, que dirixe a primeira te-



nente de alcalde da Estrada, Raquel López Doce, executou obras de posta en valor e uso público de espazos forestais en o Bao na parroquia de Barcala, Liñares (fronte á praia fluvial), mellora do acceso á Ponte Colgante de Couso e realización de traballos de limpeza e poda nas masas comúns próximas ao Regato da Pinguela na contorna do

muíño da Paineira en Guimarei. Esta actuación, que contou cun orzamento de 69.900 euros, pretende recuperar, para o uso e disfrute dos veciños e veciñas da Estrada e para todos aqueles que nos visiten, diversos espazos naturais para que sexan un punto de lecer alternativo e próximo para todos e todas.

## O BNG presenta alegacións á autovía Santiago-A Estada



O BNG pide que nos orzamentos de 2010, 2011, 2012 e 2013 se contemplen as partidas necesarias para garantir a total execución da autovía Santiago-A Estrada e a súa entrada en servizo en 2013.

Alén disto, o BNG tamén solicita na súa alegación á autovía Santiago-A Estrada, proxectada polo Partido Popular, que se contemplen as seguintes cuestións:

- Articular a comunicación e a conexión dos grandes polígonos industriais da Estrada con vias de media e alta capacidade e centros de distribución de mercadorías.
- Conectar o trazado que finalmente se leve a cabo cos polígonos industriais de Toedo e o futuro polígono sectorial Cidade do Moble de Lagartóns.
- Incluír o factor do tráfico pesa-

do actual e futuro no curto prazo, tal e coma se fixo noutros concellos como Lalín e Vilagarcía, entre outros, nos que se tiveron en conta estas cuestións.

- Mellorar a conexión coa Vila da Estrada e atender ao tráfico que dende o sur do concello e dos veciños de Cerdedo e Forcarei se desprazan pola PO-2006 para atravesar o casco urbano e conectar coa PO-841.

Con estas alegacións o BNG pretende, non só que se faga canto antes, ao tratarse dunha infraestrutura estratéxica para o desenvolvemento do noso concello, senón que esta autovía conecte o Polígono de Toedo e a futura Cidade do Móbel, epicentros do desenvolvemento económico da Estrada.

# O PP di non á Cidade do Móbel, ao centro de día, á ampliación do Pérez Viondi e á recuperación da Torre de Guimarei

O noso Concello queda sen a Cidade do Móbel, sen o Centro de Día, sen poder recuperar a Torre de Guimarei e sen a ampliación do Colexio Pérez Viondi. Son peticións amplamente demandas e socialmente aceptadas por todos e todas. Estas solicitudes foron unha parte das emendas que presentou o BNG aos Orzamentos da Xunta e, porén, ningunha delas contou co respaldo dos 38 deputados e deputadas do Partido Popular, un deles veciño e concelleiro nesta localidade.

Non é nada novo. O Partido Popular ten xa unha ampla tradición en ignorar as lexítimas demandas dos estradenses, mentres si se aceptan as demandas de concellos veciños como o de Lalín.

Cambian os nomes dos protagonistas, pero os feitos seguen a ser os mesmos. Antes chamábase Jesús Palmou,

**“ José López Campos ten que dar explicacións aos veciños e veciñas por ignorar as lexítimas demandas do pobo da Estrada ”**

agora chámase José López Campos, pero os beneficios para o noso concello seguen a ser os mesmos: ningún.

No BNG agardamos explicacións. Non por rexeitar as nosas demandas, senón por rexeitar e ignorar as lexítimas demandas dos veciños da Estrada. Que lle expliquen aos empresarios de Lagartóns, entre os que se atopa a recente fíchaxe do PP local, Juan Torres, por que rexeitaron a emenda do BNG que multiplicaba por 10 a consignada inicialmente polo PP nos Orzamentos da Xunta. Queremos que lle explique aos veciños da Estrada por que un dos símbolos do noso Concello, a Torre de Guimarei, que mesmo figura no noso escudo,



seguirá estando nunha silveira no canto de recuperala como era a intención do BNG. Queremos que lle explique ás persoas que teñen dependentes ou persoas maiores a seu cargo, por que non poden levarlos a un centro de día para así conciliar a súa vida familiar e laboral, como era a intención do BNG. Queremos que lle explique ás asociacións de Nais e Pais da Estrada, por que non se amplía o Pérez Viondi, como era a intención do BNG. Todas estas explicacións -e reiteramos- non son para o BNG, son para os veciños da Estrada.

## Goberno municipal

**Viais e obras no rural:** En 2010 a Concellaría de Medio Rural executará arranxos nos viais dos seguintes lugares: de Nogueira á Igrexa en Callobre, Outeiro en Moreira, da Carballeira á Igrexa en Arnois, As Pereiras en Curantes e Murxide en Santo André de Veá. Tamén se arranxarán os viais de Pardellas a Riomaio en Loimil, de Riomaio en Loimil á Igrexa de Orazo, desde a Praza a Sixto en Oca e nas Carballas en Barbude. O custe total destas obras é de máis de 520.000 euros.



**Formación e divulgación da micoloxía:** Neste outono centos de estradenses, grazas a Concellaría de Medio Rural e Turismo, aprenderon a buscar, identificar e cocinar os cogomelos. Máis información en: [www.aestradaverde.com](http://www.aestradaverde.com).



**FotoRapa 2009:** A Concellaría de Turismo consolida o premio cunha dotación de 6.000 euros, para valorar as mellores fotografías da Rapa das Bestas de Sabucedo.



**Taxas Protección Civil:** A Concellaría de Facenda, que dirixe a nacionalista Maribel Ruíz Ferro, modificou a taxa de Protección Civil para que os seus servizos prestados sexan gratuítos para todos os veciños e veciñas sen recursos económicos suficientes.

# O nacionalismo reforza o veto da Xunta para que as caixas galegas non sexan absorbidas por nengunha entidade foránea



Guillermo Vázquez e Fernando Blanco, durante a rolda de prensa en que presentaron a Lei de Caixas

## O BNG presenta unha lei de caixas para que o aforro galego se invista na economía do país

O BNG tomou a iniciativa e rexistrou no Parlamento galego a primeira Lei de Caixas desta lexislatura. Trátase dun proxecto de lei que ten como vectores principais o reforzo do veto do Goberno galego sobre calquer proceso de fusión -para evitar que as caixas galegas sexan absorbidas por entidades foráneas- e a participación directa da Xunta de Galiza na xestión destas corporacións financeiras. O BNG propón que o 20 por cento dos membros das asembleas xerais das caixas sexan nomeados directamente polo Goberno galego.

O proxecto de lei foi presentado en rolda de prensa na Sede Nacional polo portavoz nacional do BNG, Guillermo Vázquez, e polo portavoz de Economía no Parlamento de Galiza, Fernando Blanco.

Na súa intervención perante os xornalistas, Guillermo Vázquez enfatizou que “o BNG toma a iniciativa nun momento económico complicado, diante da vontade clara dos poderes centrais de recentralizar as competencias sobre as caixas de aforro quitándollas ás CCAA”.

“Queremos que o Goberno galego participe directamente na xestión das caixas para garantir que o aforro galego se invista na economía produtiva do País”, salientou Guillermo Vázquez.

O líder nacionalista especificou que o propósito que anima o BNG a presentar esta lei é “impulsar a transparencia e democratización dos órganos de goberno, afortalar o vínculo co tecido produtivo galego e blindar a capacidade da Xunta

para garantir que as sedes sociais das caixas galegas estean no país fronte aos intentos de deslocalizalas”.

## Participación pública, comités de retribucións e investimentos

Tal e como explicou de xeito claro o portavoz de Economía do BNG, Fernando Blanco, “a proposta do BNG define que modelo queremos cara ao futuro porque a autorregulación non funcionou”.

Os puntos básicos do modelo do BNG para as caixas galegas sintetízanse así:

- **PARTICIPACIÓN PÚBLICA.** A Administración galega estará representada cun 20 por cento dos conselleiros e conselleiras na Asemblea Xeral.
- **CREACIÓN DUN COMITÉ DE RETRIBUCIÓN.** Para garantir a transparencia. Estará composto por tres persoas, unha delas necesariamente un representante da Xunta de Galiza con competencias en política financeira.
- **CREACIÓN DUN COMITÉ DE INVESTIMENTOS.** Formado por tres persoas, tamén unha delas en representación da Xunta. Trátase de dotar ao Goberno galego dun instrumento para impulsar as súas políticas de dinamización económica.
- **ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DE DIRECCIÓN.** Impulsaranse cambios para a democratización das caixas, nomeadamente no que ten a ver co nomeamento dos representantes dos impositores e impositoras. A súa elección, unha vez se comprobe que cumpran determinados requisitos -saldo medio anual determinado- será por sorteo directo.
- **DISPOSICIÓN ADICIONAL SOBRE FUSIÓN.** O BNG tense manifestado en diversas ocasións sobre a importancia de promover a fusión das caixas galegas e evitar que sexan absorbidas por caixas de outros territorios e, deste xeito, a proposición de lei nacionalista recolle nunha disposición adicional que “o goberno impulsará calquer fusión entre as caixas de aforro galegas se as circunstancias así o demandan”.

**“O BNG propón que o goberno galego elixa o 20 por cento dos membros das asembleas xerais das caixas”**

## Como contactar co BNG da Estrada:

Rúa Xusto Martínez, 12-1º C

36680 A Estrada

Tlf/Fax: 986590002

Correo: [estrada@bng-galiza.org](mailto:estrada@bng-galiza.org)

Web: <http://www.benega.info/aestrada>

